**Obxecto:** Modifícase o artigo 31.1 da Orde do 17 de decembro de 2018, que queda redactado nos seguintes termos: «1. As entidades beneficiarias terán de prazo para executar o proxecto subvencionado e presentar a conta xustificativa ata o 15 de novembro de 2019».

**Convoca:** Vicepresidencia e Consellería de presidencia, administracións públicas e Xustiza.

**Prazo:** Consultar a Orde do 17 de decembro de 2018.

**RESOLUCIÓN do 22 de outubro de 2019 pola que se modifica a Resolución do 26 de decembro de 2018, da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas**

## CONVOCATORIAS

**para o apoio de proxectos piloto para o desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías no ámbito agroforestal, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2019. (Diario Oficial de Galicia, Num: 204, 25-10-2019, Páx: 46658)**

**Destinatarios:** Consultar a Resolución do 26 de decembro de 2018 (Diario Oficial de Galicia, 06-02-2019 , Núm. 26, Páx. 7641)

**Obxecto:** Consultar a Resolución do 26 de decembro de 2018

**Convoca:** Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Consellería do Medio Rural.

**Prazo:** Consultar a Resolución do 26 de decembro de 2018

**RESOLUCIÓN do 23 de outubro de 2019 pola que se modifica a Resolución do 26 de xuño de 2019 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, relativas ao Plan de transición a unha mobilidade eficiente, así como a selección das entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á convocatoria para a anualidade 2019. (Diario Oficial de Galicia, Num: 206, 29-10-2019, Páx: 46934)**

**Destinatarios:** Consultar a Resolución do 26 de xuño de 2019 (Diario Oficial de Galicia número 128, do 8 de xullo).

**Obxecto:** Modifícase o artigo 2.2 do anexo I

**Convoca:** Axencia Instituto Enerxético de Galicia

**Prazo:** Consultar a Resolución do 26 de xuño de 2019 (DOG nº 128, do 8 de xullo).

**RESOLUCIÓN do 25 de setembro de 2019 sobre ampliación do prazo establecido no artigo 24 da Resolución do 9 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de enerxías renovables térmicas, para o ano 2019, cofinanciadas polos fondos comunitarios derivados del programa operativo Feder Galicia 2014-2020 (Diario Oficial de Galicia número 80, do 26 de abril). (Diario Oficial de Galicia, Num: 187, 02-10-2019, Páx: 43458)**

**Destinatarios:** Consultar a Resolución do 9 de abril de 2019

**Obxecto:** Consultar a Resolución do 9 de abril de 2019

**Convoca:** Axencia Instituto Enerxético de Galicia (Inega).

**Prazo:** Consultar a Resolución do 9 de abril de 2019

**ORDE do 25 de outubro de 2019 pola que se modifica a Orde do 19 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención dos danos causados**



## CONVOCATORIAS

**aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes, en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal (Sofor), cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia (PDR) 2014-2020, e se convocan para o ano 2019. (Diario Oficial de Galicia, Num: 207, 30-10-2019, Páx: 47036)**

**Destinatarios:** Consultar a Orde do 19 de decembro de 2018.

**Obxecto:** Ampliación do prazo de xustificación dos traballos subvencionados.

**Convoca:** Consellería do Medio Rural

**Prazo:** Consultar a Orde do 19 de decembro de 2018.

**RESOLUCIÓN do 18 de outubro de 2019 pola que se modifica a Resolución do 15 de xullo de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións dos programas de fomento de mellora da eficacia enerxética e sustentabilidade e de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas do Plan estatal de vivenda 2018-2021, e se convocan para o ano 2019, con carácter plurianual (código de procedemento VI422E). (Diario Oficial de Galicia, Num: 204, 25-10-2019, Páx: 46650)**

**Destinatarios:** Consultar a Resolución do 15 de xullo de 2019 (Diario Oficial de Galicia, 30-07-2019, Núm. 143, Páx. 348849)

**Obxecto:** Consultar a Resolución do 15 de xullo de 2019.

**Convoca:** Instituto Galego da Vivenda e Solo, Consellería do Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

**Prazo:** Consultar a Resolución do 15 de xullo de 2019.

**ORDE do 19 de setembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de indemnizacións en materia de sanidade vexetal na Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2019 (código de procedemento MR465A). (Diario Oficial de Galicia, Num: 196, 15-10-2019, Páx: 45336)**

**Destinatarios:** Poderán ser persoas beneficiarias destas indemnizacións as persoas físicas e xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica cuxos produtos vexetais fosen afectados polas medidas fitosanitarias adoptadas en virtude dunha declaración da presenza da praga pola autoridade competente, orixinada polo desenvolvemento dun programa oficial de erradicación dos organismos de corentena dos determinados na correspondente convocatoria. As empresas poderán ser beneficiarias sempre que teñan a consideración de pequena e mediana empresa agraria.

**Obxecto:** Establecer, no marco dos programas de control e loita contra pragas de corentena, as bases reguladoras para a concesión de indemnizacións polas medidas fitosanitarias adoptadas sobre os vexetais afectados polos organismos de corentena.

**Convoca:** Consellería de Medio Rural

## CONVOCATORIAS

**Prazo:** Un mes a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

**CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución do 8 de agosto de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de enerxías renovables térmicas e proxectos integrais de aforro e eficiencia enerxética para as universidades públicas de Galicia, para os anos 2019 e 2020, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020 (código de procedemento IN421X). (Diario Oficial de Galicia, Num: 187, 02-10-2019, Páx: 43455)**

**Destinatarios:** Consultar a Resolución do 8 de agosto de 2019.

**Obxecto:** Consultar a Resolución do 8 de agosto de 2019.

**Convoca:** Axencia Instituto Enerxético de Galicia (Inega).

**Prazo:** Consultar a Resolución do 8 de agosto de 2019.

**RESOLUCIÓN do 25 de setembro de 2019 sobre ampliación do prazo establecido no artigo 24 da Resolución do 2 de maio de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia la convocatoria de subvenciones para proxectos de enerxía fotovoltaica, para o ano 2019, cofinanciadas polos fondos comunitarios derivados do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 (Diario Oficial de Galicia número 93, do 16 de maio). (Diario Oficial de Galicia, Num: 187, 02-10-2019, Páx: 43456)**

**Destinatarios:** Consultar a Resolución do 2 de maio de 2019.

**Obxecto:** Consultar a Resolución do 2 de maio de 2019.

**Convoca:** Axencia Instituto Enerxético de Galicia (Inega).

**Prazo:** Consultar a Resolución do 2 de maio de 2019.

**ORDE do 16 de outubro de 2019 pola que se amplía o prazo de xustificación das subvencións convocadas ao abeiro da Orde do 27 de xuño de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para actuacións en materia de ecoinnovación comercial e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 (código do procedemento CO300D). (Diario Oficial de Galicia, Num: 202, 23-10-2019, Páx: 46404)**

**Destinatarios:** Consultar a Orde do 27 de xuño de 2019, publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 129, do 9 de xullo.

**Obxecto:** Consultar a Orde do 27 de xuño de 2019, publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 129, do 9 de xullo.

**Convoca:** Consellería de Economía, Emprego e Industria.

## CONVOCATORIAS

**Prazo:** Consultar a Orde do 27 de xuño de 2019.

**CONCURSOS PÚBLICOS**

## Estatal

**Anuncio de licitación de: ADIF - Presidencia. Obxecto: Servizos de consultoría e asistencia técnica á redacción de documentación de carácter ambiental, estudos de ruído e estudos de vibracións de proxectos desenvolto no ámbito da rede convencional. Expediente: 3.19/27507.0173. (Boletín Oficial del Estado, Num: 248, 15-10-2019, Páx: 55837)**

**Destinatarios:** Consultar o Prego de condicións particulares.

**Obxecto:** Servizos de consultoría e asistencia técnica á redacción de documentación de carácter ambiental, estudos de ruído e estudos de vibracións de proxectos desenvolto no ámbito da rede convencional.

**Convoca:** ADIF.

**Prazo:** Ata as 13:00 horas do 21 de novembro de 2019.

**PREMIOS**

## Estatal

**II premio experiencias inspiradoras programa sociedade e áreas protexidas**

**Destinatarios:** Poderán presentar as súas candidaturas entidades públicas ou privadas cuxa actividade teña relación coas áreas protexidas en España.

As propostas farán referencia a experiencias concluídas antes da data límite da convocatoria, e en calquera caso posteriores ao ano 2015.

**Obxecto:** O premio ten como obxectivo identificar, recoñecer e difundir proxectos e iniciativas inspiradoras que contribúan á implementación do Programa Sociedade e Áreas Protexidas e, polo tanto, a abordar os principais retos de futuro aos que se enfrontan as áreas protexidas en España.

**Convoca:** EUROPARC-España.

**Prazo:** Ata o 31 de marzo de 2020.

## Unión europea

**Premios Europeos de Medio Ambiente á Empresa (EBAE)**

**Destinatarios:** Empresas privadas con personalidade xurídica propia e sede en España que apostasen polo medio ambiente e teñan un compromiso co desenvolvemento sustentable.

**Obxecto:** Estes premios, organizados desde 1987 pola Comisión Europea, convócanse para recoñecer a aquelas empresas que combinan con éxito a viabilidade económica dos seus negocios coa protección do medio ambiente mediante a innovación na xestión, nos procesos, nos produtos ou servizos que ofertan, na cooperación empresarial ou combinando negocio e

## CONVOCATORIAS

biodiversidade.

Este ano, poden presentarse empresas a 5 categorías diferentes: Xestión, Proceso, Produto e/ou Servizo, Cooperación Empresarial Internacional e Empresa e Biodiversidade. Ademais, cada premio estará dotado de dous galardóns, un para pequenas e microempresas e outro para medianas e grandes empresas.

**Convoca:** Comision Europea.

**Prazo:** Prazo de incrición da Sección Española 2019/2020 ata o 12 de novembro de 2019.

### **European Paper Recycling Awards 2019**

**Destinatarios:** O certame está aberto a todas as entidades con sede en Europa, incluídas escolas, universidades, ONG, autoridades nacionais e rexionais, empresas e asociacións. Hai dúas categorías de premios: Información e educación e Tecnoloxías innovadoras e I + D.

**Obxecto:** Recoñeceranse iniciativas e proxectos desenvolto por calquera organización europea nos ámbitos de innovación e de información para mellorar as taxas de reciclaxe. distinguen proxectos, iniciativas ou campañas europeas que cambian a forma en que reciclamos papel en Europa e axúdannos a alcanzar o noso ambicioso obxectivo dunha taxa de reciclaxe de papel do 74% para 2020.

**Convoca:** Consejo Europeo de Reciclaje de Papel (EPRC).

**Prazo:** Finaliza o venres 22 de novembro de 2019.

### **Plastics Recycling Awards Europe 2020**

**Destinatarios:** Consultar ligazón.

**Obxecto:** Estes prestixiosos premios están deseñados para recoñecer e celebrar os logros en todo o ámbito da industria europea de reciclaxe de plásticos. Ofrecen unha visión dos desenvolvementos actuais no uso de materiais reciclados, deseño de produtos e fabricación innovadora.

Os exitosos finalistas preseleccionados para 2020 exhibiranse nunha área de características no Plastics Recycling Show Europe do 25 ao 26 de marzo de 2020 na RAI en Amsterdam. Os gañadores serán anunciados en PRSE o 26 de marzo de 2020.

**Convoca:** PRSE.

**Prazo:** Ata o 22 de novembro.

## Internacional

### **II edición do Premio Internacional de Investigación en Innovación e Economía Circular**

**Destinatarios:** Poderán optar ao premio só as persoas físicas ou formando un equipo de investigación, así como os autores de traballos de investigación de carácter internacional no ámbito das ciencias económicas e sociais vinculadas aos temas de innovación e economía circular.

**Obxecto:** Promovido pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) a través do Máster en Desenvolvemento Económico e Innovación (DEIN), busca fomentar o estudo académico nestas dúas áreas desde o campo das ciencias económicas e sociais relacionadas cos temas de innovación e economía circular.

**Convoca:** Universidad de Santiago de Compostela (USC)

**Prazo:** O prazo para a presentación de traballos estenderase ata o 16 de decembro.



## ACTIVIDADES

## CAMPAÑAS

## Internacional

**Act Now**

**Contido:** Distintas iniciativas chaman á acción cidadá. Unha delas é ActúaYa.bot, que se serve das innovacións tecnolóxicas no ámbito da intelixencia artificial (IA) para promover o cambio de comportamentos.

A campaña pon de relevo os efectos positivos da acción colectiva nun momento de crise climática como o actual.

A xente de todo o mundo ten así unha oportunidade única de facer oír as súas voces e de que as súas opinións sexan incluídas no discurso que será pronunciado por Sir David Attenborough na Conferencia sobre Cambio Climático da ONU (COP24), que se celebrará o próximo 3 de decembro en Polonia.

**Organizador:** United Nations

## CONGRESOS

## Estatal

**IV Congreso Nacional de Ecoturismo**

**Contido:** Nesta cuarta edición o fío condutor do congreso será poñer de manifesto como o ecoturismo pode ser unha oportunidade real de desenvolvemento sustentable para a España baleira. Este enfoque estará presente nas distintas mesas de debate e espazos de intercambio de experiencias que se centrarán nos seguintes temas:

- Xestión dos destinos de ecoturismo
- Deseño e comercialización de produtos de ecoturismo
- Promoción nacional e internacional do ecoturismo
- Formación e titulacións de ecoturismo.

**Lugar:** Guadix (Granada).

**Organizador:** Secretaría de Estado de Turismo e o Organismo Autónomo Parques Nacionales.

**Inscripción:** Inscripción aberta.

**Data de inicio:** 13-11-2019

**Data de fin:** 15-11-2019

## Internacional

**Smart City Expo World Congress (SCEWC)**

**Contido:** O principal evento internacional sobre cidades e solucións urbanas intelixentes organizado por Fira de Barcelona. O programa congresual do evento se estruturará en 5 eixos temáticos: Transformación dixital, Medio ambiente urbano, Mobilidade, Gobernanza e finanzas, e Cidades inclusivas e compartidas.

**Lugar:** Barcelona.



## ACTIVIDADES

**Organizador:** Fira de Barcelona.

**Inscripción:** Barcelona.

**Data de inicio:** 19-11-2019

**Data de fin:** 21-11-2019

### **Convención de Barcelona COP21**

**Contido:** A 21ª Reunión das Partes Contratantes do Convenio para a Protección do Medio Mariño e a Rexión Costeira do Mediterráneo (Convenio de Barcelona) e os seus Protocolos terá lugar do 2 ao 5 de decembro de 2019 en Castel dell'Ovo.

A COP 21 considerará para a súa aprobación unha serie de proxectos de decisións relacionadas coa gobernanza do PNUMA / MAP-sistema do Convenio de Barcelona.

**Lugar:** Nápoles, Italia.

**Organizador:** PNUMA.

**Data de inicio:** 02-12-2019

**Data de fin:** 05-12-2019

## CURSOS

Estatat 

### **Edición 2019 do curso de Planificación do uso público en espazos protexidos**

**Contido:** O curso permitirá aos participantes profundar no concepto de uso público como ferramenta para a conservación e a xestión de espazos naturais protexidos, establecer a estrutura e o contido dos plans de uso público, definir os criterios básicos para abordar a planificación do uso público, e desenvolver os diferentes programas que compoñen o plan de uso público: educación ambiental, interpretación, comunicación e participación. Tamén no curso presentaranse distintos sistemas de calidade asociados ao uso público en espazos protexidos como a Carta Europea de Turismo Sustentable en espazos naturais protexidos e a Q de calidade.

**Lugar:** Madrid.

**Organizador:** Coordinado por EUROPARC-España e La Casa Encendida.

**Inscripción:** Ata o 4 de novembro.

**Data de inicio:** 12-11-2019

**Data de fin:** 21-11-2019

## XORNADAS

Galicia 

### **Xornada de presentación e seguimento do Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía en Mondoñedo**

**Contido:** A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a través da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, comórase en convidalo á seguinte Xornada de

## ACTIVIDADES

presentación e seguimento do Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía en Mondoñedo.  
Destinatarios: Persoal político e persoal técnico dos Concellos de Galicia.

**Lugar:** Mondoñedo.

**Organizador:** Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

**Inscripción:** Inscricións no tf. 670 506 359 ou enviando un correo a [pactodealcaldes@xunta.gal](mailto:pactodealcaldes@xunta.gal)

**Data de inicio:** 12-11-2019

**Data de fin:** 12-11-2019

### **Xornada de presentación e seguimento do Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía en Cambre**

**Contido:** A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a través da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, comprácese en convidalo á seguinte Xornada de presentación e seguimento do Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía. Destinatarios: Persoal político e persoal técnico dos Concellos de Galicia.

**Lugar:** Cambre

**Organizador:** Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

**Inscripción:** Inscricións no tf. 670 506 359 ou enviando un correo a [pactodealcaldes@xunta.gal](mailto:pactodealcaldes@xunta.gal)

**Data de inicio:** 19-11-2019

**Data de fin:** 19-11-2019

## Estatat

### **Axenda 2030: Naturalizar a cidade para afrontar a emerxencia climática**

**Contido:** O Grupo de Traballo Soluciones baseadas na Natureza (GT- SbN), coordinado pola Fundación Conama e o Centro de Cooperación para o Mediterráneo da UICN, organiza o venres 8 de novembro a xornada 'Axenda 2030: Naturalizar a cidade para afrontar a emerxencia climática'.

O encontro, enmarcado na Semana da Ciencia e a Innovación 2019 e a Semana do Capital Natural, ten lugar no salón de actos do Real Xardín Botánico de Madrid de 17.00 a 19.00 h e busca fomentar o diálogo sobre como aplicar as Solucións Baseadas na Natureza nas contornas urbanas para cumprir cos Obxectivos do Desenvolvemento Sustentable (ODS).

A xornada é gratuíta e está destinada tanto a profesionais do deseño urbano, do paisaxismo e científicos como á sociedade en xeral.

**Lugar:** Salón de actos del Real Jardín Botánico de Madrid.

**Organizador:** Fundación Conama.

**Data de inicio:** 08-11-2019

**Data de fin:** 08-11-2019

## OUTRAS ACTIVIDADES

### Unión europea

## ACTIVIDADES

**SET-Plan Conference 2019**

**Contido:** 13ª Conferencia do SET-PLAN (Plan estratéxico de Tecnoloxías Enerxéticas). O título da Conferencia é " R&I in the Energy Sector to Enhance European Industrial Leadership".

As sesións abordarán entre outros temas, a descarbonización da industria, desenvolvementos en enerxías renovables, o financiamento de tecnoloxías baixas en carbono e "sector coupling".

**Lugar:** Helsinki

**Organizador:** EU2019.FI

**Data de inicio:** 13-11-2019

**Data de fin:** 15-11-2019

**EU Clean Air Forum**

**Contido:** Este foro centrarase en catro temas: calidade do aire e saúde; calidade do aire e enerxía; calidade do aire e agricultura; e mecanismos de financiamento de aire limpo. Reunirá a tomadores de decisións, partes interesadas e expertos sobre os temas anteriores nunha conferencia de dous días para reflexionar sobre o desenvolvemento e a implementación de políticas, proxectos e programas aéreos europeos, nacionais e locais efectivos.

**Lugar:** Bratislava, Eslovaquia

**Organizador:** European Commission

**Inscripción:** Consultar ligazón

**Data de inicio:** 28-11-2019

**Data de fin:** 29-11-2019

**EU Raw Materials Week 2019**

**Contido:** Baséase nunha serie de eventos organizados pola Comisión Europea que abordan as últimas noticias sobre materias primas na UE.

Será unha oportunidade única para que a comunidade de materias primas debata e intercambie sobre todos os temas relevantes: política, tecnoloxía, cooperación internacional, condicións marco, base de coñecemento, etc.

**Lugar:** Bruselas, Bélxica

**Organizador:** European Commission

**Inscripción:** Consultar ligazón

**Data de inicio:** 18-11-2019

**Data de fin:** 22-11-2019

**Internacional****European Business & Nature Summit**

**Contido:** Tratará sobre o papel das empresas no apoio á conservación da natureza e na aplicación das chamadas Solucións baseadas na Natureza (SbN).

**Lugar:** Madrid.

**Organizador:** EU Business @ Biodiversity

## ACTIVIDADES

**Inscripción:** Previa inscrición.

**Data de inicio:** 07-11-2019

**Data de fin:** 08-11-2019

### **Semana Europea da Prevención de Residuos (EWWR) 2019**

**Contido:** A Semana Europea da Prevención de Residuos ( EWWR) é unha iniciativa cuxo obxectivo é promover e implantar durante unha semana accións de sensibilización sobre recursos sustentables e xestión de residuos. Alenta a un amplo rango de público (autoridades públicas, entidades privadas, sociedade civil e cidadáns individuais) a participar.


A temática virará ao redor da educación e comunicación ambiental e farao co lema “Cambie as súas formas, reduza os seus residuos”

**Organizador:** EWWR

**Inscripción:** Consultar ligazón

**Data de inicio:** 16-11-2019

**Data de fin:** 24-11-2019



## BIBLIOGRAFÍA

## MONOGRAFÍAS

Greening the blue report 2019. United Nations Environment Programme

Boas Prácticas para a Biodiversidade no Medio Rural. Unidad de Gestión de la Red Rural Nacional. Subdirección General de Dinamización del Medio Rural. Dirección General de Desarrollo Rural, Innovación y Política Forestal

Sustainability transitions: policy and practice. European Environment Agency, 2019

Bridging the Gap - Enhancing Mitigation Ambition and Action at G20 Level and Globally. 2019 United Nations Environment Programme

Informe de progreso do Plan de implementación da Axenda 2030 en ESPAÑA.

United In Science High-level synthesis report of latest climate science information convened by the Science Advisory Group of the UN Climate Action Summit 2019. World Meteorological Organization, 2019.

Safe Climate. A Report of the Special Rapporteur on Human Rights and the Environment. United Nations Environment Programme.

## RECURSOS ELECTRÓNICOS

Plan Nacional de Adaptación ao Cambio Climático

RECOMENDACIÓN DA COMISIÓN do 18 de xuño de 2019 sobre o proxecto de Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima de España para o período 2021-2030



# BOLETÍN DE NFORMACIÓN AMBIENTAL



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E VIVENDA

